

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de setembro de 2019**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 17.00 horas do día 19 de setembro de 2019, réunese a comisión informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Elvira Lama Fernández

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Novoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 19 DE XULLO DE 2019.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á extraordinaria do día 19 de xullo de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 19 de xullo de 2019.

2º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á NOVA COCIÑA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE E Á NECESIDADE DO MANTEMENTO E INCREMENTO DO PERSOAL.-

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, expón o contido da súa moción, indicando que se trata dunha reclamación dos traballadores deste servizo no CHUOu, fronte á previsión dunha redución de postos de traballo e a conseguinte precariedade do servizo público sanitario. Cre que como Deputación Provincial debemos tomar partido ao respecto e pedir que se tomen as medidas necesarias para garantir a calidade deste servizo público.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, di que a información dada polo BNG respecto a esta cuestión non concorda co manifestado polo Partido Popular no Parlamento de Galicia o pasado 4 de setembro, afirmando que non só non vai haber redución de persoal, senón que este se vai incrementar coa incorporación de persoal máis cualificado e que a Xunta de Persoal do CHUOu xa sabe que ninguén vai perder o seu posto de traballo. Pide por isto que se aclaren estas afirmacións contraditorias para poder decidir a súa posición ao respecto da moción.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, di que o seu grupo reserva a súa posición para o Pleno, co fin de poder estudar en profundidade esta cuestión.

A **presidenta da comisión** maniféstase nos mesmos termos.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, di que a información achegada polo seu grupo é a que lle trasladaron os propios traballadores, que estes días se están manifestando por esta cuestión no propio CHUOu, polo que parece que os traballadores non confían nesa información dada polo PP.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, pregunta que coñecemento ten o Grupo Popular sobre a realidade desta información.

A **presidenta da comisión** di que os datos de que dispón o seu grupo son os mesmos que citou a Sra. Lama Nóvoa na súa primeira intervención e que por isto, ao respecto deste asunto, teñan as mesmas reservas e contrastarán a información de cara ao pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- O Pleno da Deputación de Ourense insta á Xunta de Galiza para rectificar a súa intención de reducir o persoal traballador da cociña do Complexo Hospitalario de Ourense, comprometéndose a manter os actuais postos de traballo e a negociar coas organizacións das e dos traballadores, a ampliación destes, se isto fose necesario para asumir o aumento da carga de traballo. Este Pleno solicita que se adopten as medidas necesarias para garantir a calidade coa que se debe prestar este servizo público fundamental.

3º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A VIOLENCIA MACHISTA.-

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, di que cando se presentou esta moción non esperaba que, por desgraza, sucedese o que sucedeu días atrás en Valga e en Madrid, e pasase a actualidade esta cuestión. Unha vez vistos estes casos destes últimos días esta moción cobra todo o seu sentido. Cre que nesta materia hai moitas cousas que corrixir e debe trasladárselles ao Goberno central e á Xunta de Galicia que as medidas adoptadas ata a data son insuficientes, porque todos os días nos erguemos cunha noticia deste tipo, polo que cre necesario que todos nos involucremos para tratar de resolver este gravísimo problema social.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, di que concorda coa moción presentada e co manifestado polo deputado do BNG, engadindo que é partidaria de que se fagan todas as manifestacións e declaracións posibles ante estes feitos, pero que, desde logo, con manifestarnos non vai chegar a solución. Comenta que lle parece moi adecuada a invocación que se fai na moción ao convenio de Istambul, e lembra que o artigo 14 deste convenio fai fincapé na necesidade de medidas educativas para a erradicación desta lacra. Anuncia o seu voto a favor.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, di que, en principio, concorda coa moción. Sinala a existencia de certas deficiencias na lexislación (como o feito de que dúas das vítimas do crime de Valga non se consideren vítimas de violencia de xénero) e di que o seu grupo desexa estudar posibles emendas de adición a esta moción, polo que reserva o seu voto para o pleno.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que a lacra social que supón esta execrable violencia só se poderá erradicar achegando un montón de recursos económicos e materiais, algo no que a Deputación debe implicarse para o desenvolvemento de medidas de prevención, seguimento e información. Anuncia que o seu grupo reserva tamén o seu voto para o Pleno, co fin de estudar a formalización dunha posible emenda.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do pleno, do seguinte acordo:

- 1º.- Expresar o recoñecemento da Corporación ás mobilizacións polo feminismo galego.
- 2º.- Comprometerse a incrementar os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico.
- 3º.- Demandar do goberno central:
 - a) O incremento, cando menos no dobre, as contías destinadas á administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantilos, con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos.
 - b) A reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país coo son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a este respecto.
 - c) Impulsar as medidas oportunas para deixar de incumprir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul).
- 4º.- Demandar da Xunta de Galiza:

- a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2020.
- b) Deixar de incumprir a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios para paliar os efectos negativos do seu incumprimento e da política económica aplicada durante a década Feijóo.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, formula dúas preguntas. En primeiro lugar, e con respecto ao reto demográfico, pide que se lle facilite información sobre as solicitudes de axuda presentadas e concedidas para o Plan Chegou de fomento da Natalidade. En segundo lugar pide que se lle remita un informe detallado sobre o observatorio do rural, impulsado pola Deputación de Ourense, así como sobre os datos de que dispón ao día da data este observatorio.

A presidenta da comisión di que se requirirá esa información e se lle remitirá á deputada solicitante.

E, ás 17.20 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.